



UN INICIO DE CURSO MARCADO POLAS POLÍTICAS DE RECORTES E UNHA CONTRAREFORMA EDUCATIVA QUE NOS DEVOLVE AO PASADO

A aplicación das medidas derivadas dos brutais recortes no ámbito educativo decretados polos Gobernos do Partido Popular están a provocar situacións alarmantes en toda a comunidade educativa, e poñen en perigo o ensino público, atacando a igualdade de oportunidades e retrocedendo nos avances conseguidos nas últimas décadas no modelo educativo do noso país.

Os ataque ao ensino público en Galicia hai que velos como o que servirá para rematar a faena iniciada fai tres cursos. Desde a chegada do goberno do Partido Popular repítese de xeito constante o feito de que cada curso comeza cunha diminución importante de profesorado, feito que temos denunciado de xeito reiterado e ao que a Consellaría resposta de xeito continuado negando esta evidencia. Debemos salientar que os datos publicados polo Ministerio no mes de xuño desmenten á propia Consellería ao establecer unha perda de Profesorado en Galicia nos dous últimos anos de case 1300 docentes, a estes datos hai que engadir a perda de 69 postos de traballo no ensino primario. En secundaria, aínda estamos pendentes da adxudicación definitiva de destinos para poder ter datos concretos, pero debemos facer notar o incremento da afinidade e da mobilidade entre corpos.

Con todas estas medidas suprímense todos os elementos de calidade que proveñen da LOXSE (atención á diversidade, reforzos, desdobres...).

O que si temos que subliñar é que esta administración non facilita os datos solicitados (xubilacións, alumnado matriculado...) facendo gala dun obscurantismo propio doutras épocas.

Hai que facer unha mención concreta e especial ao peche de unidades de infantil e primaria, que este ano serán 57 unidades menos, transformando escolas pequenas en unitarias, pasando a ser atendidas por un só docente (non hai especialistas para estes rapaces) en algúns casos con 20 alumnos/as de diferentes idades de infantil e primaria.

Os efectos da desaparición da gratuidade universal dos libros de texto fai dous cursos, e que este ano se concreta na desaparición dos últimos cursos co sistema de préstamo, fan que a situación sexa máis insostible este ano pola actual crise e concretase en que máis dun terzo de familias non teña diñeiro suficiente para libros e material escolar.

A modificación do sistema de becas que establece os limiares de renda e as contías das axudas ao estudo amplía e consolida as políticas de recortes comprometendo a igualdade de oportunidades e rompendo definitivamente co carácter compensador que debe ter o sistema, endurecendo os requisitos de acceso e facendo que as capas máis baixas da sociedade teñan máis difícil o acceso e a continuidade no sistema educativo





Coa aprobación do Decreto de Comedores Escolares o alumnado usuario do transporte público xa non ten, automaticamente, comedor de balde ademais de encarecer o gasto escolar, ao aumentar os umbrales de pagamento, o que perverte a finalidade do comedor escolar como un recurso educativo de compensación das desigualdades sociais.

Debemos facer notar que os ditames do Consello Escolar de Galicia, contrarios ao decreto de comedores e os Ditames do Consello de Estado sobre a LOMCE e o decreto de becas, fan fincapé no feito de que se esta a vulnerar a igualdade de oportunidades e a equidade no sistema educativo, e deixan ao goberno central e autonómico nunha posición solitaria nestes asuntos.

Debemos denunciar a situación dos concertos dos centros que segregan por sexo, onde a Consellería fai caso omiso da sentenza do TSXG que impide o concerto a estes centros porque se vulnera o dereito á igualdade de oportunidades dos nenos e nenas na educación e entende que hai discriminación por razón de sexo. A formula que a Consellaría establece constitúe un intento de saltarse a sentenza, e seguir mantendo estes concertos en espera da aprobación da LOMCE.

Neste curso está pendente a aprobación da LOMCE que como xa viñemos denunciando supón un marcado retroceso. O obxectivo último da proposta é deteriorar o ensino público en favor dun ensino de elite que responda aos prantexamentos ideolóxicos da dereita máis rancia deste país. A actual escola pública non lles garante o control social que pretenden.

As accións contra esta lei continuarán a ocupar a nosa acción dun xeito importante este curso.

Así mesmo continuaremos denunciando a intención de destruír un modelo educativo de calidade e equidade. Seguiremos mobilizándonos e facemos un chamamento á sociedade para que participe nas mobilizacións que se convoquen porque está en xogo a educación do noso país.

